



# CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

Nº 103
MAIO - XUÑO 2010
Editado 03/05/10

Edita: Club Montañeiros Celtas.  
 Deseño e maquetación: Enrique Soto  
 Traducción: Ana Caramés

Colaboran neste número: Carmen F. Peña, Fernando Fernández Rei, Isaac Martínez, Anxo e as seccións deportivas do club.

Club Montañeiros Celtas non comparte, necesariamente, as opinións dos seus colaboradores.  
 Imprime: Garpe. Depósito Legal: VG:40-1998. Impreso en papel reciclado.

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística.



**XUNTA DE GALICIA**  
 PRESIDENCIA  
 Secretaría Xeral de Política Lingüística




Colabora Concello de Vigo - Área de Participación Cidadá

## VINDEIRAS ACTIVIDADES

MES	DÍA	LUGAR	ACTIVIDADE	ORGANIZA
MAIO	1-2	Asturias-León	Travesía Vegarada - Pajares	S.D. Montaña
	7	Local Social	Festa Primavera	S. Actividades Sociais
	8-9		Curso Iniciación Escalada Deportiva (1ª parte)	FGM- EGAM
	8-9	Leiro-Ourense	XLIII Operación Benxamin	S.D. Infantil
	9	Ourense	Sendeiro pola Ribeira Sacra	S. D. Sendeiros
	15-16		Curso Iniciación Escalada Deportiva (2ª parte)	FGM- EGAM
	15-16	Monte Aloia	XLIII Operación Benxamin	S.D. Infantil
	15-16-17	Palentinas	Integral Palentinas	S.D. Montaña
	22-23	Fragas do Eume	XLIII Operación Benxamin	S.D. Infantil
	22-23		XVI Descenso de Barrancos	FGM
	28	Local social	Clausura XLIII Operación Benxamin	S.D. Infantil
	29-30		Curso de Escalada en Parede (1ª parte)	FGE
	29-30	Bierzo	Montañismo Polo Bierzo	S. D. Sendeiros - S. D. Montaña
30	Ría de Baiona	Inmersión submarina	S.D. Act. Subacuáticas	
XUÑO	5	As travesas-Vigo	VI Campionato Galego de Escalada Base	S.D. Escalada - S. D. Infantil
	12-13	Vegacervera	Xornada de Escalada	S.D. Escalada
	12-13		XXIII Marcha con Vicac	FGM
	19-20	Trevinca	Montañismo polo Val de Tera	S.D. Montaña
	26		Convivencia de mergullo	S.D. Act. Subacuáticas
	26-27		Curso de descenso de Barrancos	FGM- EGAM
	26-27		XXXIX Campamento e Marcha Infantil-Xuvenil de Montaña	FGM - C. M. Xistra

### CLUB MONTAÑEIROS CELTAS

- ♦ Avda. Camelias 78, Oficina K. 36211 - Vigo
- ♦ Apartado de Correos 1836. 36200 - Vigo
- ♦ Teléfono: 986 438 505 - Fax: 986 912 220
- ♦ Internet: [www.celtas.net](http://www.celtas.net)
- ♦ Correo electrónico: [info@celtas.net](mailto:info@celtas.net)
- ♦ Horario: 19.00 h - 21.30 h, de martes a venres



Neste número:

Operación Benxamin	1
Axenda	2
Actividades Sociais	2
Sección Infantil	3
68 Cea Anual	3
Sechu López Medalla de Ouro	4
Sección Infantil	5
Sección de Escalada	7
Sección de Esquí	8
Sección Montaña	9
Actividades Subacuáticas	10
Espeleosección	11
Vindeiras Actividades	12



**Audiovisual**  
**"Pasión x las fisuras"**  
**30 días en USA**

**Data : 14 de Maio - Venres -**  
**Lugar: Local Social Montañeiros Celtas.**  
**Calle: Camelias 78 baixo oficina K Vigo -**  
**Horario: 21:00 - 22:00**

**Presenta: Joël a sua actividade de escalada en Usa con Jose Juan, Pepe Zamorano, Jose(paja), Gonzalo**

**ACTIVIDADES SOCIAIS**

**FESTA DE PRIMAVERA  
 VENRES 7 DE MAIO**



O venres 7 de Maio será a festa de primavera no local social do Club a partires das 20:30. Faremos unha sangría aproveitando a froita desta época do ano, e tamén agardamos contar coa aportación dos socios, para que deleiten ao seus compañeiros co seu mellor repertorio gastronómico. Todo será benvido, doce ou salgado.

**Concurso de Montes**

Por outra banda, aproveitaremos esta festa para facer entrega dos diplomas aos montañeiros de 3ª, 2ª

e 1ª categoría, así como aos montañeiros da categoría Excelsior do ano 2009, que son os que seguen:

**Montaña Excelsior**

- Concepción Silva Veiga
- Juan Carlos Moráis Matos
- José Lucrecio Álvarez Pousa
- Víctor Revenga Lama

**Montañeiro de 1ª categoría**

- Mónica Martínez García
- Javier Balado García

**Montañeiro de 2ª categoría**

- Fernanda Marcos Fernández

**Montañeiro de 3ª categoría**

- Purificación Collazo Martínez

**ESPELEOSECCIÓN**

**Saída infantil-xuvenil Liñares 13-14 marzo**

Aínda que non houbo moito éxito na convocatoria, con baixas de última hora, decidimos igualmente ir a Liñares para gozar dunha fin de semana de covas cos rapaces. Aínda con restos de neve, chegamos ao refuxio onde preparamos todo o material para ir de covas pola tarde. Visitamos a xa coñecida Cova de Cortiñas, na que nos adentramos por sitios onde normalmente non imos, posto que desta vez eramos un grupiño pequeno. Aínda enredamos na cova bastante e chegamos ao refuxio para prepará-la cea e aumentar o grupo, pois chegaran pola tarde Ana, Pedro, Violeta e Bego.

A neve volveu aparecer pola noite e cando nos erguemos pola mañá un manto branco cubría todo. Fixo as delicias dalgún, que incluso ideou un pequeno trineo cunha bolsa de lixo e outros adicáronse a facer un boneco de neve. Como o día aínda era longo, instalouse o pozo do Tintán, ao lado do refuxio, onde algú se estreou na verticalidade nunha cova. Aproveitando tamén a mañá, fomos localizar unha cova que nos comentou un señor estando na tenda de Sofia. Aínda

que demos algunha volta para atopá-lo burato, localizámolo e queda pendente para unha vindeira visita á zona.



**SEMANA SANTA 2010-Espeleo en Cantabria**

Un ano máis chega Semana Santa e os plans de ir de covas van mudando ata que por fin decidimos ir a Cantabria. Só dispoñiamos dos días festivos, polo que a idea de ir a Cantabria, apeteceu a todo o mundo. O xoves pola mañá cedo enchemos o coche de cousas e puxemos rumbo a Ramales de la Victoria. Chegamos a primeira hora da tarde e aproveitamos que non chovía para montar as tendas no camping de Vegacorredor. O tempo permitiunos montalas sen choiva e despois fomos dar unha volta pola comarca, achegándonos ao nacemento do río Asón e a La Gándara, mentres algúns entraran xa pola mañá na cova de Vallina. Ás oito da tarde tiñamos unha cita na biblioteca de Ramales, onde un club de montaña da comarca organizou durante eses días unhas Xornadas de Montaña, con

proxeccións, charlas, coloquios,...e onde o xoves a Agrupación Espeleológica Ramaliega (AER) proxectaba un vídeo sobre as exploracións no Mortillano, onde o ano pasado se logrou unir o maior sistema kárstico de España.

O venres foi outro día de covas e decidimos facer a travesía "Solviejo-Ray de Sol". Con calma e sen pausa, descendemos os seus pozos, andivemos polas súas galerías, meandros, tubos freáticos,...Bego e Eva, de estreo nas grandes cavidades creo que a gozaron máis (qué bonita!! non paraba de repetir Bego pola cova...) A verdade é que a todos nos gustou, pois é variada, divertida e con moitas formacións. Saímos con bo regusto, que se viu un pouco empañado (só un pouco) pola pequena greta que constituía a saída.

O sábado volvemos ir de covas, esta vez máis cerca, mesmamente en Ramales, á Cova de Cuevatur.

Algún xa estivéramos fai moito tempo, tanto que excepto pola boca, o resto non se lembraba nada. Eramos 11 espeleólogos ese día e en 5 horas fixemos un pequeno recorrido circular pola cova, con paso "estreito" incluído (e despois din que Cantabria é o sitio das "grandes cavidades"!!!). Cova que nos sorprendeu tamén pola cantidade e variedade de formacións que ten. Dá para facer fotos a doquier pero para iso hai que pararse e ir con moita calma e menos xente, e digamos que non era a ocasión. Quedará para outra.

O domingo xa foi día de recollida (chovendo, como non!!) e volta para casa, coa mágoa de ter rematado estes días festivos que nos deixan desconectar da nosa vida diaria.



**VINDEIRA ACTIVIDADE:**

4 xullo 2010.- Xornadas de achegamento ao Descenso de canóns.

## ACTIVIDADES SUBACUÁTICAS

### Sábado 06-Marzo-2010 Batea Frapelo

Despois de varios meses na lista de correo de mergullo, un día animeime a contestar e apuntarme a unha inmersión. A cousa parecía difícil xa que había prazas limitadas pero cando recibín o email de Óscar confirmándome intuín que o ía pasar ben.

Quedamos o sábado 6 de Marzo ás 10 e despois de coñecer á xente de Montañeiros Celtas a cousa pintaba aínda mellor, pois o recibimento foi moi bo. Puxémonos o neopreno e fomos ao barco rumbo á Batea Frapelo (Ría de Vigo). A simple viaxe en barco dende o Náutico xa me encantou; nunca me deixa de sorprender a beleza da Ría. Entre risas e charlas chegamos á batea; dende que cheguei a Vigo sempre tiven curiosidade por ver unha de preto e mira por onde a ía poder ver de moi preto! Tiña tantas ganas de mergullarme que en canto chegamos, me puxen o equipo tan rápido que o instrutor extrañado me preguntou se é que

estaba mareado e quería tirarme á auga! Unha vez abaixo a sensación ao mirar cara arriba e ver as cordas era impresionante: o fondo estaba tapizado con mexillóns, estrelas de mar e anémonas. Había moita vida: puider ver congros, polbos, sepias...nunca mergullei con tan pouca visibilidade (logo ixéronme que iso é normal na Ría) pero a experiencia foi impresionante.

Despois de falar coa xente decateime que os demais tamén o gozaran tanto coma min. Ao saír da auga estabamos xeados pero alguén tivo a grande idea de traer galletas de chocolate e licor café e rendemos boa conta de todo iso!

Quero agradecervos o bo recibimento, e aos que fixestes que a xornada fose tan especial e divertida. Se hai alguén que non se anima a ir por estar só, que vaia!, porque como ben me escribiu o "compañeiro de Mergullo" cando lle mandei o email interesándome por apuntarme: "non virías só, estamos o resto".

Isaac Martínez

### Sabado 23-Xaneiro-2010 Cabo Home-Cabo Pequeno

Ola Mergulladores!!!

A miña 1ª saída oficial con Mergullo M. Celtas, 2ª con Óscar e compañeiros de montañeiros. EXTRAORDINARIA. Aínda que o tempo ao final nos acompañou en terra, baixo a auga de Cabo Home o mar de fondo fixonos bailar ao seu son. "Palante e atrás". Era suave, nada agresivo pero bailamos ao seu compás. O mar nos lembrou, nun día como hoxe, que se quixese se aproveitaría da nosa confianza e faría o que lle viñera en gana con nós. Avisounos de que non lle colleses o brazo, alí abaixo el manda. Nós, previdos por Óscar, fomos cara ás rochas por fondo de area; Se a miña orientación non se erra, tiramos un pouco ao principio cara

ao lado da punta de Cabo Home, indo logo cara á praia. A impresión de que íamos saír andando da inmersión foi gañando forza a medida que perdíamos metros por enriba das nosas cabezas (o despistado de min esqueceuse o ordenador de mergullo na casa e sen profundímetro no manómetro). Calculo que nalgún intre debemos estar a 4 m de profundidade. Cun máximo de 12 m. baixo o barco. Hoxe si estaba fría a auga, sobre 11°C. Foron como uns 50 minutos de inmersión. Todo isto dígo a ollo, logo afirmará ou desmentirá Óscar cando nos dea os datos da saída. Falaría longo e tendido do agradable que é a xente pero o resumo dicindo que EXTRAORDINARIA...

Saúdos Anxo.

Ahhhhh!!! Puntualizo: Riquísimo LK



### Vindeiras actividades

Estas son próximas saídas. Tentaremos ir mergullar fóra da nosa ría e pouquiño a pouco seremos máis autónomos; como sabedes ás veces xurden modificacións:

- 29/30.-Maio Ría de Baiona. Pécio Antártico.
- 20 Xuño.-Ría de Pontevedra. Pécio Afrodita.
- 26 Xuño.- Convivencia de mergullo na Praia.
- 3 Xullo.-Ría de Arousa.
- 17/18 Xullo.-Ría de Noia, Porto do Son.


## SECCIÓN INFANTIL

### NOVAS DA SECCIÓN INFANTIL

#### A SECCIÓN INFANTIL ESTREA LOGO!!!

**Y PARA FESTEXALO QUERE AGASALLAR AOS PARTICIPANTES DA SECCIÓN CUN AGASALLO.**

Rapazas, Rapaces!!!, tedes no Club á vosa disposicións as tarxetas de participación que deberedes ir completando. Cada tarxeta chea supón un agasallo!! Informádevos na Secretaría do Club.



## 68 CEA ANUAL

### Celebración da Cea Anual do 68 Aniversario

O día 27 de Febreiro celebrouse o 68 aniversario do Club, e como ven sendo habitual en anos anteriores asisten á Cea incondicionais e habituais do Club, que por varias razóns non baixan moito polo local social. Este ano a reunión de socios estivo bastante animada e a charla e o baile duraron até ben entrada a noite. Asistiron caras novas e xuntáronse cos veteranos que nunca faltan, movendo todos bastante o esqueleto.

Coma noutros anos asistiu invitado o Club Peña Trevinca, estando representado por Carlos Garrido e a súa muller. Asistiu tamén o Presidente da FGM Xosé Lois Freixeiro e a súa muller María Teresa. O Presidente do Club Montañeiros Celtas en nome da Directiva fixo entrega a Freixeiro dun trofeo en agradecemento pola súa labor ao fronte da Federación dende o ano 1986.

Un dos actos máis emotivos coma sempre foi a entrega aos socios agasallados. Margarita Ferradás Pastoriza, non puido asistir, pero si José Juan Montes, que eran os que cumpriron os 50 anos no club. Tamén tiveron o seu premio ao cumprir os 25 anos Conchi, Pepín e Iago Tomé.



**Medalla de Ouro do Club**

A Directiva de Club Montañeiros Celtas quere dar, en nome de todos os socios un recoñecemento público a Sechu López Pérez, pola súa magnífica actividade deportiva e montañeira, outorgándolle a medalla de ouro do Club.

Para que os socios coñezan un pouco a seu currículo imos facer un pequeno recorrido da súa actividade, que empezou no 1988.

Sechu é socio de Montañeiros Celtas dende 1992. Foi Presidente do club no período 2002 a 2006, e Director Técnico da Federación Galega de Montañismo. Pódemos dicir del que é unha persoa moi comprometida co noso Club, ao que dedicou moito tempo e traballo como directivo. Fai gala de pertencer ao mesmo e sempre en todas as súas actividades e expedicións ou actos públicos, leva con orgullo o escudo de Montañeiros Celtas.

Ademais de actividades de montaña, practica tamén espeleoloxía, subacuáticas, atletismo e carreiras montaña, e tamén afeccionado á fotografía entre outras cousas.

No seu historial montañeiro pasa por ascensións nas Serras de Galicia, Ancares, O Caurel, Trevinca, Xures, etc. así como nas montañas principais de España. Así en Serra

Nevada destacan Mulhacén, Veleta, Alcazaba, en Pirineos, Aneto, Posets, Monte Perdido, Cilindro de Marboré, Pico Marboré, Sun de Ramon, Taillón, Mesa dos tres Reyes, Ori, Tuc Colomers, Portarró..., en Gredos, Almanzor, Galana, Ameal de Pablo, La Mira, La Cobacha, en Guadarrama, Peñalara, Cabeza de Hierro, Yelmo na Pedriza, en Picos de Europa, Torre Cerredo, Llambrión, Torre de la Palanca, Tesorero, Cortés, Neverón de Urriellu..., en Palentinas, Peña Prieta, Curavacas, Espigète, Tres Provincias, Pico Murcia..., na montaña Vasca, Aizkorri, Udalatx, Palomares, Amboto, Gorbara..., na montaña Leonesa, Peña Oubiña, Mampodre, Catoute, Pico Torres, Aquilianos, en Almería Serra de Gador, Morrón, etc.

Xa fóra de España en Portugal, Peneda e Estrela, en Noruega, Glittertinden, Galdhopiggen, nos Alpes Escandinavos, en Francia, Mont Blanc; Vignemale, en Italia, Tofana di Roses, en Suiza Monte Rosa, Weissmies, en Escocia, Ben Nevis, en Eslovenia Triglav, en Marrocos, Toubkkal, en America tamén fixo fixo ascensións destacamos, en Bolivia Mirador (5.140 m.), Austria (5.035 m), Pequeno Alpamayo (5.360 m), Illimani (6.439 m), en Chile, Pastillitos (5.093 m), Mulas Muertas (5.919 m) Vicuñas (6.093 m), El Muerto (6.514 m), Ojos del Salado (6.893 m) en Arxentina ascensión en solitario ao Aconcagua (6.962 m).

O 2 de Agosto do 2009, no Karakórum en Paquistán, o cumio alcanzado, foi o Gasherbrum II (8.035 m.), cumio que tan só el e outro alpinista acadaron nesa temporada, para máis mérito en solitario, antes fixera dous intentos ao Gasherbrum I (8.068 m), nun deles chegando tamén en solitario á cota de 7.859 m, non podendo continuar polas malas condicións meteorolóxicas, sufrindo adversidades como a morte de un compañeiro de expedición, pero Sechu López ten unha grande capacidade de sacrificio e perseveranza para conseguir o seu primeiro oitomil, demostrando que xa está capacitado para estes grandes retos.

Todo isto fai que a Directiva do Club decida de forma unánime dar este recoñecemento á persoa e ao deportista, xa se atopa na elite do montañismo de Galicia, pero tamén xa está no cadro de honra de Montañeiros Celtas, a súa casa.

A Medalla de ouro foille entregada polo noso presidente o pasado día 23 de abril ao remate da conferencia que Sechu deu no Club Faro de Vigo, quen logrou cheo no auditorio e reunir a moitos amigos montañeiros.



**As neves de Mampodre. Semana Santa 2010**

Inda que tiñamos ganas de primavera e a necesidade de secar un pouco facíanos soñar con esas Illas Afortunadas, a chamada da montaña foi máis forte e un grupiño de 15 persoas, máis tres que se incorporaron ao día seguinte, encamiñámonos en coches cara Maraña, nas terras do Mampodre, onde nos agardaba un albergue quentiño (incluso abafante) e a súa alegre pousadeira, Natacha.

Os ingredientes eran os adecuados: alguén novo, alguén que fai moito que non ves e a familiaridade dos de sempre. E tamén un grao de incertidume: nubes ou craros, neve ou xeo... Ao final a sorte estaba do noso lado: a choiva foi leve, a neve no seu punto e a paisaxe como de postal de nadal.

O primeiro día fixemos o Gildar (2.078 m). Comezamos cun bosque de conto, logo algunhas paliñas de neve (adrenalina para algúns e abismos para min) e finalmente, cumio na néboa: unha pena de vistas. O segundo día, despois de moitas dúbidas, optamos polo Yordas (1.963 m). Ascensión tamén bonita, cumio



despexado e con sorpresa: atopamos unha tarxeta do Club de Montaña Frank Zappa con foto dos seus tempos máis salvaxes; confirmase que os vellos rockeiros nunca morren. Na terceira xornada o pronóstico era moi negro e optamos por facer unha parte da Senda do Arcediano, xa en Asturias, de Amieva a Soto de Sajambre, sendeiro cunha grande parte de vía romana e outra de bosques de faias, xunto con vistas aos centos de cumios que nos rodeaban. Tiña bastante desnivel, co que tamén nos curramos o día. Rematamos cun grolo de sidra no bar de Soto de Sajambre. Pero a festa non quedou aí, porque había baile en Maraña nun garaxe con dúo-orquestra: animados pasodobles de despedida.

O último día como tocaba voltar só aproveitamos unhas horiñas da mañá achegándonos a unha lagoa nas proximidades do Mampodre. Con neve e sol apetecía quedarse a vivir no circo, pero había que ser animal ou pranta e nesta vida non toca, así que quedamos satisfeitos de voltar ao mundanal ruído coas pilas ben cargadas.


**Carmen F. Peña**



**GAVARNIE  
(Francia)**

**CAMPAMENTO DE VERÁN  
31 DE XULLO AO 8 DE  
AGOSTO**

**Información máis  
detallada no próximo  
boletín  
VÉN CON NÓS!!!**



## SECCIÓN DE ESCALADA

### ESCALADA EN HOCES DE VEGACERVERA LEÓN 12 E 13 DE XUÑO



É unha actividade pensada para socios con experiencia en escalada en rocha. Trátase dun macizo calcáreo ideal para a práctica da escalada. A altura media é de 130 m. e a máxima de 365 m. A

mellor época do ano é de primavera a outono. Hai vías con sol e sombra.  
**Número de Vías: 200**  
**Vías ata V: 30%**  
**Vías de V+ a 6c+: 55%**  
**Vías de 7a a 7c+: 10%**  
**Vías de octavo: 5%**

En fin, un pequeno paraíso para os amantes da escalada en rocha. Podemos tamén visitar a escola de Valverdín - Pedrosa, que está preto das Hoces. Posiblemente durmiremos no Camping de Vegacervera. Iremos en vehículos particulares e sairemos o venres día 11 pola tarde, escalando sábado e domingo.

## MONTAÑA-ESQUÍ

### PORTO DE VEGARADA, LEÓN (5-7 de marzo de 2010) S. D. MONTAÑA S. D. ESQUÍ

Foi unha actividade compartida entre a sección de montaña e a de esquí. A intención primeira era ir ao Pico Huevo e Pico faro, con raquetas e esquís, pero o mal tempo fixo que tiveramos que mudar os plans.

Xa no Porto o sábado tiñamos moito vento, néboa e moi

mala visibilidade, o que fixo que tentáramos algo máis asequible: o Pico Nogales. Pero tampouco chegamos ao cumio, xa que na parte final tiñamos pouca visibilidade e moito vento, o que fixo que prudentemente e tendo en conta que eramos un grupo moi numeroso nos deramos a volta. Xa no val fixemos prácticas de esquí, raquetas, caídas na neve etc. Xogamos un pouco, vimos cómo se facían iglús e despois voltamos ao refuxio Sierrro Negro en Lavandera. Unha boa cea e boa compañía fixo que esqueceramos o intento frustrado de facer unha boa actividade de montaña. De todas formas quedamos con ganas de voltar.



## SECCIÓN INFANTIL

### XLIII OPERACIÓN BENXAMÍN (ano 2010)

Rapazas e Rapaces!!!, xa está aí o mes de maio e por tanto temos unha cita. Deixade libre a vosa axenda para ese mes porque a Operación Benxamín xa está organizada. Aquí tedes o programa que desenvolveremos este ano:

LEIRO( 8-9 de maio)

Saída sábado ás 10.00 dende o Club

Chegada o domingo ás 21.00 ao Club

Faremos a ruta de Pena Corneira ata o parque Forestal do mesmo nome.



Teremos unha charla sobre montaxe de tendas e aprenderemos como facer unha mochila.



- Darémonos un chapuzón na praia fluvial.
- Observaremos estrelas e xogaremos.
- Coñeceremos a vila de Leiro

ALOIA (15-16 de maio)

Saída sábado ás 11.00 dende o Club

Chegada o domingo ás 20.00 ao Club

Iremos en autobús urbano ata o alto da Garrida.

Camiñaremos ata o Aloia, parando para xogar e xantar



Faremos unha charla sobre orientación



Faremos sendeiros polas rutas arredor do noso Refuxio, onde durmiremos

FRAGAS DO EUME (22-23 de maio)

Saída sábado ás 9.00 dende o Club

Chegada o domingo ás 21.00 ao Club

Iremos en bus ata o cámping Fragas do Eume, en Monféro.

Faremos o tradicional concurso de cociña

Camiñaremos polos arredores do Mosteiro de Caaveiro

Pasaremos o día na Fraga, coñecéndoa e xogando



## ESCALADA INFANTIL

### Iniciación á escalada. Galíñeiro, 11 de abril

A cita anual do curso de iniciación á escalada organizado polo club adiantouse este ano ao mes de abril. Inda que ao principio podería sonar arriscado, ao final gozamos dun día de verán espectacular, con sol e calor que, inda que conseguiron abafarnos a certas horas, nos fixeron pasar un día totalmente apto para escalar.

Ás 10:30h estábamos (case todos, pois moita xente se incorporou pola tarde) diante do refuxio, e despois de pasar lista comezamos a repartirnos o material. Houbo que gardar turno ás veces, porque inda que algunha xente tiña material propio, e o club puxo á disposición dos participantes todo o material da súa propiedade, o certo é que cada ano acude máis e máis xente a esta xornada de iniciación. Para que vos fagades unha idea, chegamos a preparar ese día 44 persoas.

Dividímonos en grupos, posto que algúns nunca escalaran e outros xa tiñan un pouco de idea, así que cada grupo foi a unha zona do monte e conforme escalaban as paredes dunha das zonas, iban pasando ó grupo seguinte.

Despois de xantar todos xuntos seguimos trepando até que os nosos corpos non deron máis de sí, e sobre as 18:30h comezou a recollida e recoito de material.

A organización foi moi boa, xa que non

houbo atascos nin moito tempo que agardar o turno, que era o que se esperaba vendo o volume de xente presente.

Só me resta dar as grazas aos monitores de sempre (Fernando, Jaime, Escrich e Chao) e ós nómadas, todos aqueles socios (ou vogais doutras seccións) que sempre están dispostos a botar unha man.



## SECCIÓN INFANTIL

### Primeira ruta do "COÑECE VIGO"

1.-Muíño de auga e ruta Eifonso.

Quedamos o sábado de mañá no centro cultural de Beade, non moi cedo, non fora que estiveramos moi cansos para camiñar.

O día dende primeira hora estivo tentando con chover, inda que en toda a xornada non tivemos máis que un par de sustos coa chuvia.

Cando xa estábamos todos reunidos no centro cultural emprendemos a marcha ata un muíño de auga, no que o avó de Covelo ensinounos o seu funcionamento e ata puidemos facer algo de fariña que despois levaríamos para casa. Dende alí tomamos o sendeiro do río Eifonso, unha marabilla natural do noso entorno, ben sinalizada, bastante doada e dunha beleza máxica, en todo o seu recorrido acompañanos a auga, regatos, as pontes, as fervezas, os muíños e serrarías, a meirande parte delas en ruínas.

Case o final do sendeiro atopámonos coa capela dos Ramallos, alí descansamos un pouquiño os máis vellos, xa que os rapaces e rapazas, por máis que se queixen nas pateadas, teñen enerxía ilimitada cando interesa. No palco veciño da capela comemos, repousamos e xogamos ata o momento de reemprender a marcha, que tampouco é que fora moito o que nos separaba do noso destino, xa que nuns poucos minutos xa estábamos á beira do campo de fútbol que linda co parque forestal de Beade, dende onde hai unhas vistas increíbles da Ría. Chegados a este punto algúns dos rapaces identificaron rapidamente o lugar coma coñecido. Xa no parque atopamos que uns rapaces celebraban un aniversario, cuxos asistentes tiñan no seu poder un irresistible balón de fútbol, o que causou a rápida mistura



dos nosos rapaces con eles.

Entre partidos e xogos varios pasou o tempo ata que pouco a pouco, e non sen confusións sobre como atopar o lugar, foron chegando as nais e pais para recoller aos seus retoños. Saúdos, a sección

Lembrede!!

Os días 26 e 27 de xuño o C.M. Xistra celebra o XXXIX Campamento e Marcha Infantil Xuvenil de Montaña dentro do calendario oficial da Federación Galega de Montañismo

## SECCIÓN DE ESCALADA

# VI CAMPIONATO GALEGO DE ESCALADA DE BASE (ano 2010)

Sábado 5 xuño de 16 a 19 horas

ROCÓDROMO MUNICIPAL DAS TRAVESAS  
PAVILLÓN DOS DEPORTES DE VIGO  
PISTA VERMELLA


### DÚAS CATEGORÍAS:

- De 3 a 11 anos: Sen Competición
- De 12 a 17 anos: 2 Vías clasificación e final

AGASALLOS E MERENDA PARA TODOS

PREMIOS E TROFEOS PARA OS COMPETIDORES

INCRICIÓNS DE **BALDE** NO CLUB  
ORGANIZADOR  
REMATA O PRAZO O 3 DE XUÑO



### ORGANIZA



### COLABORAN

